

INFORME DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS EN 2013

Acción de mellora “Renovación e conservación de xermoplasma de variedades locais de interese agrícola, almacenadas no banco de xermoplasma do CIAM”

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño (Salceda de Caselas)

Obxectivo 1: Rexeneración e conservación de poboacións orixinais de 45 variedades locais autóctonas de Galicia de diferentes especies hortícolas (CIAM)

O obxectivo foi a rexeneración da semente existente no banco de xermoplasma do CIAM de variedades locais de diferentes especies hortícolas de tomate (*Lycopersicon esculentum*), pemento (*Capsicum annuum*), cebola (*Allium cepa*) e leituga (*Lactuca sativa*).

Impacto da actuación sobre a conservación dos recursos fitoxenéticos

O material existente no banco, no que se refire ás variedades hortícolas locais, xa tiña, na maior parte dos casos, máis de cinco anos de antigüidade, tempo a partir do cal o seu poder xerminativo diminúe considerablemente.

Por outra banda, a cantidade de semente dispoñible, para o seu emprego en diferentes proxectos de investigación e en accións de transferencia tecnolóxica, foi diminuindo nos últimos anos.

A rexeneración do material do banco, permitirá, por unha banda, a conservación en condicións óptimas (poder xerminativo alto, semente san e limpa) e por outra, a dispoñibilidade de cantidade necesaria para seguir traballando con ela en diferentes liñas e proxectos de investigación.

Traballos realizados para este obxectivo

As actuacións fixéronse sobre un terzo das variedades a rexenerar, xa que esta acción está previsto facela ao longo de tres anos.

- Preparación de sementeira, xerminación en cámara e transplante aos campos de cultivo das distintas variedades
- Mantemento dos diferentes campos de cultivo, tanto en invernadoiro coma no exterior (podas, escardas, tratamentos fitosanitarios)
- Colleita dos froitos que servirán para a extracción da semente

Obxectivo 2: Caracterización e conservación de 33 variedades locais recolectadas en Galicia polo Centro de Recursos Fitoxenéticos (CRF) do INIA (Salceda de Caselas)

O obxectivo foi a caracterización e conservación de 33 variedades locais de pemento (4), tomate (10) e leituga (19), a partir de semente recolectada e subministrada polo CRF.

Impacto da actuación sobre a conservación dos recursos fitoxenéticos

A incorporación de novas variedades locais, non existentes aínda no Banco de Xermoplasma do CIAM, permitirá continuar a investigación baseada nestas variedades e a súa transferencia ao sector. Moitas destas variedades están en desuso e incluso desaparecidas, polo que é importante a súa recuperación e conservación.

Traballos realizados para este obxectivo

- Probas de viabilidade da semente recibida
- Sementeira e establecemento dos cultivos. Mantemento do cultivo
- Recolleita dos froitos seleccionados para a obtención de semente
- Extracción da semente, probas de xerminación, pesado e envasado

Obxectivo 3: Actualización do inventario da base de datos das variedades locais das especies hortícolas conservadas no banco de xermoplasma do CIAM (CIAM)

O obxectivo foi a actualización da base de datos (cantidade de semente, capacidade xerminativa, situación no banco) do banco de xermoplasma de hortícolas, tanto do material existente coma do material novo.

Impacto da actuación sobre a conservación dos recursos fitoxenéticos

A actualización da base de datos do banco de xermoplasma é unha ferramenta fundamental para o propio fin do banco, que non é outro que a conservación dos recursos fitoxenéticos.

A realización de probas de xerminación, que permitan saber en que condicións está a semente que se conserva, mostrando a necesidade da súa rexeneración, o inventariado da cantidade de semente dispoñible, para a realización de accións de transferencia tecnolóxica e proxectos de investigación e o control do movemento da semente dentro do banco, son tarefas fundamentais do mantemento do banco.

Traballos realizados para este obxectivo

- Probas de viabilidade e inventariado da semente a rexenerar, existente previamente no banco de xermoplasma
- Caracterización e extracción da semente e secado da mesma. Pesado, envasado e etiquetado para a súa posterior conservación no banco de xermoplasma
- Control de existencias no banco. Probas de xerminación e pesado para o control da cantidade existente
- Actualización de toda a base de datos